



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2020/G003/000210

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SELECCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL. SUSPENSIÓN DATA CELEBRACIÓN 1º EXERCICIO FASE OPOSICIÓN

EXPEDIENTE: 2020/G003/000210

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Mediante resolución de Alcaldía nº 172/2020, de data 05/03/2020, data de celebración do primeiro exercicio da Fase de Oposición, cuestionario tipo test, do procedemento de selección de persoal laboral temporal dun posto de técnico en xestión cultural da área municipal de cultura (**Expdte. 2019/E001/000007**).

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE nº 67, de data 14/03/2020), de conformidade co disposto no artigo cuarto, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, por prazo de quince días naturais declarouse o estado de alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

O art. 7.1 do R.D. 463/2020, de 14 de de marzo, establece as causas xustificadas para a realización de actividades que durante a vixencia do estado de alarma permiten ás persoas poder circular polas vías ou espazos de uso público, actividades nas que non se inclúe a concorrencia a exames, probas de aptitude ou probas selectivas no ámbito do emprego público.

De conformidade co disposto no art. 6.2 da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, está previsto que no día de hoxe o Goberno solicite autorización expresa do Congreso dos Deputados para a prórroga do estado de alarma ata o 11 de abril de 2020.

Visto o disposto na Base 6ª (Presentación de solicitudes) e Base 8ª (Sistema de selección) reguladoras do procedemento selectivo.

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

1º.- Deixar sen efecto a data de celebración do primeiro exercicio da Fase de Oposición, cuestionario tipo test, fixada para o día 1 de abril de 2020, ás 10:00 horas, na Salón de Plenos, Baixos Alameda, Ordes.

2º.- Unha vez rematada a duración do estado de alarma, mediante resolución de Alcaldía fixarase unha nova data de celebración do primeiro exercicio da Fase de Oposición, cuestionario tipo test, que se fará novamente público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Ordes, 25-03-2020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias